



## ORDENANZA FISCAL Nº 26

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E TABOADOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación temporal de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablaos e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire ó artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien do aproveitamento que constitúe o feito imponible.

#### **Artigo 4º.- Responsables.**

1- Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2- Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º.- Base imponible.**

A base imponible estará constituída polo número de metros cadrados de superficie de dominio público ocupado pola mesas, cadeiras, tribunas e tablaos.

#### **Artigo 6º.- Cota tributaria.**

A cota tributaria será a que resulte da aplicación da seguinte tarifa, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos, expresada en metros cadrados.

A tarifa será a seguinte:

a) Para instalación de mesas, cadeiras, tribunas e tablaos:



- Por tempada (do 15 xuño ao 15 de setembro): 20,00 euros/m<sup>2</sup>.
- Anual: 40,00 euros/m<sup>2</sup>
- Utilización de mesas e cadeiras durante a época das festas de verán (unha semana): 8,00 euros/m<sup>2</sup>.

As ditas cotas aplicaranse por fraccións irreducibles de 2 m<sup>2</sup>.

Esta ocupación de terreos de uso público, non será de aplicación dita reserva en Vimianzo, os xoves de 9,00 horas a 14:30 horas, por ser o día do mercadillo nas rúas dedicadas a tal fin, salvo que sexa posible a súa compatibilización.

### **Artigo 7º.- Devengo.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- a) Coa presentación da solicitude de ocupación o aproveitamento, que non se concederá sen que se efectuase o pagamento correspondente.
- b) Dende o momento no que a ocupación ou aproveitamento se iniciase, se este tivese lugar sen a preceptiva licenza municipal.

### **Artigo 8º.- Período impositivo.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie o aproveitamento.

### **Artigo 9º.- Réxime de declaración e ingreso.**

Este Concello poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos da taxa, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais, derivadas de aquela ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o aproveitamento especial non se produza, procederá a devolución do importe correspondente.

Coa solicitude de aproveitamento especial do dominio público, presentarase declaración polos interesados, na que se reflectirá a superficie a ocupar, para a súa liquidación e pago da cota, na Tesourería Municipal ou Entidade colaboradora.

### **Artigo 10º.- Pago da taxa.**

Efectuarase, o pagamento da taxa por ingreso directo na Tesourería Municipal ou Entidade colaboradora designada polo Concello, sen xustificante do cal non poderá retirarse a licenza.

### **Artigo 11º.- Normas de xestión.**

Terá que ir acompañada, a solicitude de aproveitamento especial do dominio público local dunha declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar, reflectida nun plano detallado do seu emprazamento concreto dentro do termo municipal.



O Concello procederá a practicar a oportuna liquidación complementaria, que terá que ser satisfeita, antes de retirar a licenza, se se producise contradición, entre a superficie declarada e a que se pretende ocupar realmente.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas a terceiros. Orixinando, o incumprimento desta prohibición a anulación da licenza.

#### **Artigo 12º.-Reintegro do custo ou reparación de danos.**

Cando o aproveitamento especial leve aparelado a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado o reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe, segundo informe dos Servizos Técnicos Municipais, sen o cal non será outorgada a licenza.

Se os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual o valor dos bens destruídos ou ó importe de deterioro dos danados.

#### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza entrará en vigor una vez aprobada definitivamente, e publicada o seu texto íntegro no BOP, consonte co previsto no art. 107.1 da LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, se a súa publicación definitiva no BOP se produce antes do 1 de xaneiro de dito ano, e senon o día seguinte da su publicación.

Esta ordenanza está publicada no [BOP Nº 300. do luns, 31 de decembro de 2007](#)